

ARTE

Pablo Orza. Repensar o territorio en '(re-) Galicia'

- ▶ Na Galería SCQ desfilan as diversas institucións que conforman a realidade cultural
- ▶ A través da instalación, o artista reconverte o espazo nunha construción basilical

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Os poderes públicos crearon espazos de reflexión e debate desde a máis remota antigüidade. Pensemos na ágora grega, o foro romano ou nos hoxe activos espazos de culto ou os orientados ó debate político a través da institución que os encarna, o Parlamento.

Na idea de crear un espazo específico para repensar o propio territorio móvese a idea do mozo artista Pablo Orza (Zamora, 1971) ó recrear ese utópico ámbito nas salas da compostelá galería SCQ.

O proxecto exhibido denomínase '(re-) Galicia'. A través da instalación, o artista reconverte o espazo galerístico nunha especie de construción basilical en cuxa nave principal penden 40 teatrais, invencións extraídas previamente ó soporte escultórico, pictórico e collage. Un escenario aberto non ó manido medio pictórico, co cal se remarca a crise deste último, senón á marca do soporte fotográfico o cal lle outorga maior verosimilitude á obra.

En imaxes que se ofertan como documentos, desfilan as diversas institucións que conforman a realidade cultural dun pobo, neste caso o galego. Aí están representadas a política, a industria, o eclesiástico, a etnografía..., convive o arcaico co máis moderno nun escenario ambivalente entre o que se ve como realidade e o que é pura ficción; nese gran teatro do mundo, no que os cravos serán metáfora, cabeza visible dos representantes do poder.

Son imaxes extraídas do complexo mundo, do día a día na nosa terra, signo arquetipo configurador dunha cultura reconstruída desde os alicerces ó máis contemporáneo, pero que lonxe de se converter en



O artista Pablo Orza posa coa súa instalación '(re-) Galicia', exposta na Galería SCQ

fenómeno localista alcanzan, gracias ó traballo de Pablo Orza, rango globalizador. O artista lanza unha invitación, un achegamento a calquera outra cultura identificable nos seus trazos autóctonos.

Toda aproximación á esencia popular a través dos antecedentes do pobo galego faise desde o plano conceptual.

Estas escenificacións, que

Son imaxes extraídas do complexo mundo, do día a día

se moven entre o serio e o que de comicidade ofrece o teatro, construídas manualmente, xeran escenarios que lembran solucións dadas por Boltanski, Daniel García Andújar ou na li-

ña dos constructores de máquinas como as de Wim Delvoye e os inventos de Antonio Ortega. De feito, tamén Pablo Orza as denomina 'obra máquina'.

O segundo espazo ou ábside alberga unha escultura erixida sobre o mapa galego do cal emana a aura da terra, unha sutil rede de cableado interconectado nos seus diferenciados puntos da nosa xeografía, de tal maneira que a simple incidencia nun monte, un río, unha industria, altera o resto, reestablecendo conexións mutuas imposibles de separar. Todo interconectado e xerado pola nai terra, contida no balde de latón nutriente de todas as nosas arelas e aspiracións.

Só desde a súa orixe, desde o telúrico se comprende e se poderá resolver o ambiguo presente; de aí que o autor fixe o seu estudio na saia do Pico Sa-

cro, no veciño Boqueixón, para aproveitar as propiedades benéficas de minerais como o cuarzo. Desde ese miradoiro privilexiado crea o TPS (Centro de Novas Tecnoloxías do Pico Sacro), auspiciado polo magma xerado desde o solo. A súa é unha auténtica meditación sobre o lugar no que se instala, invitación ó resto da sociedade a pór un pé sempre nas orixes para entender a realidade presente.


A singularidade do seu traballo consiste en que partindo do seu contorno, das súas raíces familiares, deu a luz unha forma de arte que podería exporse con éxito tanto na capital galega como na neiorquina Manhattan.

Do traballo do artista Pablo Orza emana unha certa aura que é como a transcendencia ascendente da dimensión sacra do espazo.

CINE

'21 gramos': un engarzamento matemático de emocións

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



21 GRAMOS

Director: Alejandro González Iñárritu
Intérpretes: Sean Penn, Benicio del Toro, Naomi Watts

Alejandro González Iñárritu sorprendérame moi positivamente con *Amores perros*, aquel primeiro filme cravado desde o arrinque á violencia e á velocidade coa que a desgracia se instala na vida, e tal vez por iso dubidaba que no segundo perdesse o rumbo, atrancado entre a sorpresa do éxito e a angustia de ofrecer algo de idéntico alto. Pero ben ó contrario, o director mexicano conseguiu con *21 gramos* (se dúbida o menos logrado, o título) superar as expectativas levantadas.

Desde logo é película prohibida para quen rexeite ver no cine a vida espida, a dor e a traxedia do azar cando se ceba sobre determinados seres humanos. O azar, un accidente inexplícito, matematicamente misterioso, cruza a vida dun profesor de matemáticas coa dun presidiario aferrado á relixión como única salvación, quen, á súa vez, tamén polo maldito azar, tropeza cunha familia estable e feliz, á que todo se lle esnaquizará nun segundo eterno, nun momento sen retorno, nun corte drástico que deixa encoiro a perda. Penetrar nestas fonduras existenciais resulta en extremo perigoso. E iso é o que consegue salvar con mestría luminosa Iñárritu. E para que nada falle, Naomi Watts, Benicio Del Toro e Sean Penn realizan unha interpretación á medida de cada necesidade. Se Penn repite o amargor do condenado a morte como xa fixera en *Mystic river* e Del Toro plasma a anulación á que se ve abocado pola culpa e a irracionalidade, Watts, deliciosa, di da alma tronzada e da rabia co seu corpo e coa súa pel como o libro máis sabio.

A Caixa galega do século XXI

caixanova



SANTIAGO DE COMPOSTELA
CIUDAD EUROPEA DA CULTURA DO ANO 2000